

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

O plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia foi establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro, en desenvolvemento do Real decreto 633/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao de Deseño establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

O dito plan de estudos regula a estrutura das ensinanzas, así como as condicións de acceso, matrícula, organización e avaliación, en consonancia co disposto no Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, modificado polo Real decreto 21/2015, do 23 de xaneiro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores.

Así mesmo, o citado plan de estudos prevé o recoñecemento e transferencia de créditos nas ensinanzas superiores de Deseño, e o Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro, sobre recoñecemento de estudos no ámbito da Educación Superior, establece o réxime de recoñecemento entre as diferentes ensinanzas que constitúen a educación superior.

Por outra banda, o Decreto 61/2011, do 24 de marzo, establece o Regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 8 de agosto de 2011 que o desenvolve.

En consecuencia, procede establecer os procedementos que desenvolvan o previsto no citado Decreto 172/2015, do 29 de outubro, co obxecto dunha correcta organización académica nos centros que imparten estas ensinanzas.

De conformidade co exposto, e de acordo coa disposición derradeira primeira do citado Decreto 172/2015, do 29 de outubro,



DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto*

A presente orde ten por obxecto regular a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do establecido no Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

A presente orde será de aplicación nos centros públicos e privados autorizados do ámbito territorial de competencia da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en que se impartan as ensinanzas superiores de Deseño, en calquera das súas especialidades.

CAPÍTULO II

Acceso e admisión

Artigo 3. *Requisitos xerais para o acceso*

1. De acordo co establecido no artigo 5.1 do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, para o acceso ás ensinanzas oficiais conducentes ao título superior de Deseño, en calquera das súas especialidades, requirirá estar en posesión do título de Bacharel, ou ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, así como a superación da correspondente proba específica a que se refire o artigo 57.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. De acordo co establecido no artigo 5.2 do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, para os maiores de dezoito anos de idade que non cumpran os requisitos xerais para o acceso ás ensinanzas superiores de Deseño, a dirección xeral competente en materia de ensinanzas artísticas superiores convocará, polo menos unha vez ao ano, a proba establecida no artigo 69.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Para a realización desta proba que substitúe o requisito de titulación, será necesario facer, ou ter feitos, os dezoito anos no ano en que se realice esta.



Artigo 4. *Proba específica de acceso*

1. A proba específica de acceso ás ensinanzas superiores de Deseño terá por obxecto demostrar que o/a aspirante posúe a madureza, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estes estudos.

2. A proba específica de acceso será única para as diferentes especialidades destas ensinanzas, e terá carácter unificado para todos/as os/as aspirantes.

3. Poderá acceder ás ensinanzas superiores de Deseño sen necesidade de realizar a proba específica de acceso quen estea en posesión dun título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño. Correspóndelle á dirección xeral competente en materia de ensinanzas artísticas superiores establecer a porcentaxe de prazas sobre o total das ofertadas en cada especialidade das ensinanzas superiores de Deseño que se reservarán para esta modalidade de acceso, así como os criterios de prelación na súa asignación.

4. A superación da proba específica de acceso ás ensinanzas superiores de Deseño faculta, unicamente, para matricularse no ano académico para o que a proba específica fose convocada e realizada, en calquera dos centros do Estado en que se cursen estas ensinanzas, sen prexuízo da dispoñibilidade de prazas.

5. O resultado da avaliación da proba específica de acceso ás ensinanzas superiores de Deseño expresarase en termos numéricos nunha escala do 0 ao 10, con dous decimais, resultado da media aritmética das cualificacións emitidas polos membros do tribunal correspondente. Considerarase a proba como superada para as cualificacións iguais ou superiores a cinco.

Artigo 5. *Características da proba específica de acceso*

1. A proba específica de acceso ás ensinanzas superiores en Deseño constará de dúas partes:

a) Primeira parte:

Durante un máximo de dúas horas, a partir dun texto, imaxe e/ou material audiovisual proporcionado polo tribunal, os/as aspirantes deberán facer por escrito un comentario crítico e razoado e responder á/s cuestión/s que o tribunal lles formule ao respecto.



Nesta parte da proba, o tribunal valorará:

– A comprensión dos conceptos, a utilización da linguaxe, a capacidade de análise e síntese e o nivel expresivo e expositivo amosados.

– A capacidade para desenvolver razoadamente ideas e argumentos.

– O coñecemento dos valores significativos do deseño en xeral no contexto histórico, cultural e socioeconómico.

– A identificación e valoración dos movementos artísticos e intelectuais máis representativos en relación co deseño.

b) Segunda parte. Os/as aspirantes realizarán dous exercicios de debuxo durante un máximo de catro horas:

– 1º exercicio: debuxo mimético a man alzada, do natural ou a partir da documentación facilitada, dun modelo proposto polo tribunal, realizado a lapis de grafito sobre papel tamaño DIN A3.

– 2º exercicio: debuxo a man alzada, utilizando os sistemas e técnicas de representación máis apropiadas, que serán definidos polo tribunal, do modelo do exercicio anterior.

Nesta parte da proba o tribunal valorará a fidelidade representativa, os coñecementos amosados e a exactitude e limpeza da execución.

2. Cualificación da proba específica de acceso. Cada unha das partes da proba cualificaranse nunha escala de 0 a 10, con dous decimais. A cualificación final da proba específica de acceso será o resultado da media aritmética das cualificacións obtidas polo/a aspirante en cada unha das súas partes, expresada con dous decimais. Considerarase superada a proba a partir da cualificación de 5,00 (cinco).

Artigo 6. *Proba que substitúe o requisito de titulación*

1. As persoas que queiran optar á proba de acceso e que, sendo maiores de dezaioito anos non cumpran os requisitos xerais de titulación, deberán acreditar que posúen os coñecementos, habilidades e aptitudes necesarios para cursar con aproveitamento as correspondentes ensinanzas mediante a realización dunha proba. A superación da dita proba, que substitúe o requisito de titulación, terá validez permanente para o acceso ás ensinanzas superiores de Deseño en todo o Estado.



2. O resultado da avaliación da proba a que se refire o punto anterior expresarase en termos de apto/a ou non apto/a.

3. A superación da dita proba será condición indispensable para concorrer á proba específica de acceso sinalada no artigo 4.

4. A dirección xeral competente en materia de ensinanzas artísticas superiores determinará a estrutura e contidos das probas que substitúe o requisito de titulación.

Artigo 7. *Convocatoria das probas de acceso*

1. A dirección xeral competente en materia de ensinanzas artísticas superiores convocará, cando menos unha vez ao ano, a proba específica e a proba de acceso que substitúe o requisito de titulación.

2. A proba ordinaria realizarase nos meses de xuño e/ou xullo, e a extraordinaria, de ser o caso, no mes de setembro.

3. Para a organización, realización, avaliación e cualificación da proba específica de acceso, tanto para os centros sostidos con fondos públicos como para os centros privados autorizados, constituirase un tribunal nomeado pola dirección xeral competente en materia de ensinanzas artísticas superiores, integrado, cando menos, por cinco membros, en número impar en calquera caso, dos corpos de catedráticos/as, profesores/as ou mestres/as de taller de artes plásticas e deseño, con destino nas escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia, e de entre os seus membros un/unha presidente/a e un/unha secretario/a.

Artigo 8. *Acceso para aspirantes con discapacidade*

1. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, os/as aspirantes ao acceso de admisión ás ensinanzas superiores de Deseño que presenten algunha discapacidade poderán requirir a adaptación que corresponda para a realización das probas de acceso ás ditas ensinanzas.

2. Para tal efecto, os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán presentar, xunto coa súa inscrición no procedemento de acceso e admisión ás ensinanzas superiores de Deseño, a documentación que acredite oficialmente a súa discapacidade e unha solicitude de adaptación dos medios e condicións de realización da proba de acceso que corresponda.



3. Correspóndelle ao tribunal encargado da organización, realización e cualificación de cada proba adoptar as medidas precisas e adaptar os medios e as condicións de realización da proba, co obxecto de permitir que os/as aspirantes con discapacidade poidan realizar a proba correspondente en condicións de igualdade co resto de aspirantes.

Artigo 9. Acceso para deportistas de alto rendemento e/ou nivel

De acordo co establecido nos artigos 34 e 36.d) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, en cada centro da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparta algunha das especialidades das ensinanzas superiores de Deseño, reservaranse adicionalmente as prazas necesarias en cada especialidade impartida para o acceso a estas dos/das aspirantes coa condición de deportista galego de alto nivel e/ou rendemento, e que reúna os requisitos académicos establecidos.

CAPÍTULO III

Matrícula, promoción e permanencia

Artigo 10. Matrícula

1. O alumnado soamente poderá realizar matrícula con carácter presencial nas ensinanzas superiores de Deseño, en calquera das súas especialidades.

2. A matrícula no primeiro curso das ensinanzas superiores de Deseño será de curso completo. Excepcionalmente, a dirección do centro poderá autorizar a matrícula para o primeiro curso dun mínimo de trinta créditos ECTS, sempre por causas xustificadas como compatibilidade laboral, enfermidade grave, conciliación familiar ou outras análogas.

3. Para o segundo, terceiro e cuarto curso das ensinanzas superiores de Deseño, o alumnado poderá formalizar a matrícula, sempre cun mínimo de trinta créditos ECTS, ata un máximo de setenta e cinco. Para estes efectos, non se terán en conta os créditos das disciplinas en que o alumnado teña solicitado o recoñecemento de créditos.

4. O alumnado deberá matricularse, obrigatoriamente, naquelas disciplinas que teñan o carácter de formación básica, e naquelas disciplinas que non teñan superadas, de ser o caso, no curso académico anterior, sen prexuízo do cumprimento dos criterios de promoción establecidos nesta orde.

5. O alumnado matricularase nas prácticas externas (PE) ao comezo do ano académico correspondente, e disporá de dúas convocatorias, ordinaria e extraordinaria, respectiva-



mente, para a superación desta disciplina. Excepcionalmente, o/a xefe/a de estudos do centro poderá autorizar a realización das PE ao alumnado con disciplinas pendentes, sempre que a suma dos créditos asociados a estas non sexa superior a 18.

6. O alumnado matricularase no Traballo Fin de Estudos (TFE) ao comezo do ano académico correspondente, e disporá de dúas convocatorias, ordinaria e extraordinaria respectivamente, para a superación desta disciplina. A avaliación e cualificación correspondente á convocatoria ordinaria realizarase ao remate do segundo cuadrimestre de cada ano académico, e a correspondente á convocatoria extraordinaria realizarase no mes de xullo. De ser o caso, o alumnado que non supere ou non presente o traballo fin de estudos (TFE) no curso escolar en que finaliza os estudos, terá dereito a utilizar as convocatorias correspondentes durante o primeiro cuadrimestre do seguinte ano académico.

7. Excepcionalmente, o/a xefe/a de estudos do centro poderá autorizar a matrícula no traballo fin de estudos (TFE) ao alumnado con disciplinas pendentes, agás que as disciplinas pendentes pertencen á materia de Proxectos de Deseño Gráfico, Proxectos de Deseño de Interiores, Proxectos de Deseño de Moda e Indumentaria e Proxectos de Produtos e de Sistemas, e sempre que a suma dos créditos asociados a estas non sexa superior a 18.

Artigo 11. *Renuncia de matrícula*

1. O alumnado das ensinanzas superiores de Deseño poderá renunciar á matrícula unicamente da totalidade das disciplinas en que se atope matriculado. A dita renuncia realizarase por escrito dirixida á dirección do centro e presentada con rexistro de entrada na secretaría deste, e suporá a perda da condición de alumno/a do dito centro a partir do día seguinte da súa presentación.

2. A perda da condición de alumno/a por renuncia á totalidade da matrícula implicará a perda da praza obtida no centro, e deberá concorrer a un novo proceso de admisión para continuar os seus estudos no mesmo ou diferente centro da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. A perda da condición de alumno/a do centro pola renuncia á matrícula na totalidade das disciplinas en que se atope matriculado/a non implicará a devolución dos prezos públicos aboados.



Artigo 12. Promoción

1. O alumnado das ensinanzas superiores de Deseño disporá, con carácter xeral, de catro convocatorias para a superación das diferentes disciplinas integradas nestes estudos, agás nas disciplinas de prácticas externas (PE) e no traballo fin de estudos (TFE), nas cales soamente disporá de dúas convocatorias.

2. As convocatorias establecidas no número anterior computaranse de xeito sucesivo e entenderanse esgotadas tanto no caso de que o alumnado non supere a disciplina como no caso de que non se presente ás probas programadas para a dita convocatoria.

3. O alumnado que esgotase as convocatorias establecidas no número anterior, sen superar a disciplina correspondente, poderá solicitar por escrito, ante a dirección do centro no que estea matriculado, unha convocatoria adicional, de carácter extraordinario, por circunstancias especiais que deberá alegar e xustificar documentalmente, sen que se poida alegar como circunstancia especial a falta de rendemento académico.

4. O prazo para a presentación da solicitude sinalada no número anterior abranguerá os cinco días lectivos seguintes á data de comunicación da cualificación da derradeira convocatoria.

5. A dirección do centro, unha vez recibida a solicitude de convocatoria sinalada no número anterior, poderá solicitar un informe da xefatura do departamento da especialidade correspondente, en que consten cantas circunstancias se consideren relevantes para a resolución da solicitude, sen que entre estas poida figurar a falta de rendemento académico do/a alumno/a solicitante. Resolverá nun prazo non superior a dez días hábiles.

6. O alumnado que obteña autorización dunha convocatoria adicional deberá facer uso dela na convocatoria inmediatamente seguinte á data en que fose concedida, sen prexuízo da solicitude da anulación de convocatoria establecida na presente orde, da que o alumnado poida facer uso.

7. O alumnado poderá solicitar a anulación dunha convocatoria nunha ou varias disciplinas por causa xustificada e acreditada documentalmente, mediante escrito dirixido á dirección do centro, ata dez días lectivos antes da sesión de avaliación correspondente á convocatoria, sen que entre as ditas causas poida figurar a falta de rendemento académico. A dirección do centro, logo do informe da xefatura de estudos, resolverá o que proceda, nos cinco días lectivos seguintes ao da presentación da solicitude.



8. A presentación dunha solicitude de anulación de convocatoria fóra do prazo establecido no número anterior só poderá ser admitida por causa de accidente ou enfermidade do/da solicitante, ou causa de forza maior, que será, en calquera caso, xustificada documentalmente, e valorada pola dirección do centro.

9. A concesión de anulación de convocatoria pola dirección do centro implicará que a dita convocatoria se considere como non consumida polo/a solicitante, sen prexuízo dos criterios da permanencia nas ensinanzas superiores de Deseño establecidos nesta orde. Na acta de cualificación correspondente figurará a anotación AC (anulación de convocatoria).

10. A solicitude e obtención dunha convocatoria adicional ou dunha anulación de convocatoria por parte do alumnado non afectará o dereito de asistencia ás actividades lectivas periódicas programadas na disciplina correspondente.

11. Contra a decisión da dirección do centro en relación coa non concesión de convocatoria adicional ou de anulación de convocatoria, o alumnado poderá, no prazo de cinco días, interpor recurso de alzada perante a xefatura territorial correspondente, que resolverá segundo proceda.

Artigo 13. *Permanencia*

Non se poderá realizar matrícula na mesma especialidade durante máis de oito anos académicos nun centro oficial dependente da consellería competente en materia de ensinanzas artísticas superiores da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo das convocatorias adicionais ou anulacións de convocatoria que lle fosen concedidas. Para estes efectos computaranse todos os anos académicos en que o alumnado teña realizado matrícula, con independencia da eventual renuncia a esta, do número de disciplinas en que se teña matriculado e do número de créditos ECTS asociados a estas.

CAPÍTULO IV

Recoñecemento de créditos ECTS

Artigo 14. *Criterios xerais para o recoñecemento de créditos ECTS nas ensinanzas superiores de Deseño*

1. Para o recoñecemento e transferencia de créditos observarase o disposto no artigo 10 do Decreto 172/2015, do 29 de outubro.



2. O recoñecemento de créditos efectuarase, en calquera caso, tendo en conta a adecuación dos contidos e competencias asociados ás disciplinas cursadas polo/a estudante e aos previstos no plan de estudos do centro de destino.

3. O recoñecemento da totalidade dos créditos ECTS asociados a unha disciplina das ensinanzas superiores de Deseño suporá a aceptación dos créditos obtidos noutras ensinanzas superiores para os efectos da obtención do título superior de Deseño na especialidade que corresponda.

4. O dito recoñecemento suporá a validación ou exención de cursar a/s disciplina/s correspondente/s, para os efectos da obtención do título superior de Deseño na especialidade que corresponda.

5. No caso do recoñecemento parcial dos créditos ECTS asociados a unha determinada disciplina das ensinanzas superiores de Deseño, para a superación da totalidade desta o alumnado deberá cursar e superar a parte da programación docente desa disciplina que lle sinala o/a profesor/a correspondente, e a cualificación da disciplina recoñecida parcialmente será a resultante da media ponderada en función do número de créditos recoñecidos entre a cualificación obtida e a cualificación que o alumnado obteña na parte non recoñecida da disciplina.

6. A experiencia laboral e profesional acreditada polo alumnado das ensinanzas superiores de Deseño poderá ser tamén obxecto de recoñecemento en forma de créditos ECTS, que se computarán para os efectos da obtención dun título oficial, sempre que a dita competencia estea relacionada coas competencias asociadas ao dito título. Os créditos ECTS recoñecidos pola experiencia laboral e profesional acreditada polo alumnado quedarán asociados ás prácticas externas curriculares, e o seu número non poderá ser superior, no seu conxunto, a 15 % do total de créditos ECTS que constitúen o plan de ensinanzas cursado. O recoñecemento destes créditos ECTS non implicará a súa cualificación, polo que non se computarán para os efectos de ponderación da cualificación media do expediente académico do alumnado. No caso de recoñecemento parcial dos créditos ECTS asociados ás prácticas externas, o alumnado deberá superar o total destes coa realización das horas de prácticas externas curriculares, a razón 25 horas por cada crédito ECTS non recoñecido.

7. En ningún caso serán obxecto de recoñecemento os créditos ECTS asociados ao traballo de fin de estudos ou a mestrados.



8. Nas disciplinas en que se recoñeza a totalidade dos créditos ECTS asociados a estas, computarase a cualificación obtida no centro de procedencia.

9. No caso do recoñecemento da totalidade dos créditos ECTS asociados a unha disciplina por ter cursado máis dunha disciplina, a cualificación da disciplina obxecto de recoñecemento será a resultante da media aritmética das cualificacións nas disciplinas consideradas para o recoñecemento.

10. No caso do recoñecemento de créditos ECTS a partir de módulos ou disciplinas cursadas polo alumnado en que a cualificación sexa literal e numérica, respectarase a cualificación numérica.

11. No caso do recoñecemento de créditos ECTS a partir de módulos ou disciplinas cursadas polo alumnado en que a cualificación sexa unicamente literal, considerarase a cualificación numérica segundo a seguinte equivalencia:

- a) Aprobado/suficiente: 5,5.
- b) Ben: 6,5.
- c) Notable: 8,0.
- d) Sobresaliente/matricula de honra: 9,5.

12. No caso do recoñecemento de créditos ECTS a partir de módulos ou disciplinas cursadas polo alumnado en que non exista cualificación, ou ben figuren como exento/a, validada, recoñecida ou adaptada, na disciplina cuxos créditos ECTS asociados se recoñezan non existirá cualificación, figurará como REC (recoñecida), e non computará para os efectos de ponderación da cualificación media do expediente académico do alumnado.

Artigo 15. Criterios específicos para o recoñecemento de créditos ECTS en función dos estudos cursados e superados

1. Estudos cursados en ensinanzas oficiais, en centros de ensinanzas artísticas superiores ou noutro centro do Espazo Europeo da Educación Superior: con carácter xeral, os créditos obtidos polo alumnado das ensinanzas superiores de Deseño, en ensinanzas oficiais, en centros de ensinanzas artísticas superiores ou noutro centro do Espazo Europeo da Educación Superior poderán ser obxecto de recoñecemento tendo en conta a concordancia entre as competencias, os contidos e o número de créditos ECTS asociados



ás disciplinas cursadas e ás competencias, aos contidos e ao número de créditos ECTS asociados ás disciplinas integradas no plan de estudos que o alumnado se atope cursando.

2. Estudos cursados e superados noutra especialidade das mesmas ensinanzas artísticas superiores de Deseño: ao alumnado que acceda a unha nova especialidade das ensinanzas superiores de Deseño recoñeceráselle a totalidade dos créditos ECTS obtidos asociados ás disciplinas con carácter de formación básica que estea cursando. Para o resto das disciplinas serán de aplicación os criterios xerais recollidos nesta orde.

3. Estudos cursados e superados en ensinanzas artísticas superiores de Deseño, segundo plans de estudos previos, e declarados equivalentes para todos os efectos á diplomatura universitaria: ao alumnado que acceda ás ensinanzas superiores de Deseño tendo iniciado ou rematado as ensinanzas superiores de Deseño cursados segundo o plan de estudos establecido polo Decreto 233/2005, do 14 de xullo, seranlle recoñecidos os créditos ECTS asociados ás diferentes disciplinas que cursan, segundo o anexo á desta orde. Ao alumnado que acceda ás ensinanzas superiores de Deseño tendo iniciado ou rematado os estudos superiores de Deseño cursados segundo plans de estudos establecidos polas administracións educativas doutras comunidades autónomas, ao abeiro do Real decreto 1496/1999, do 24 de setembro, seranlle recoñecidos os créditos ECTS asociados ás diferentes disciplinas que cursan, segundo o disposto no artigo 14 desta orde.

4. Estudos cursados e superados en titulacións universitarias segundo plans de estudos anteriores ao establecemento do Espazo Europeo da Educación Superior: ao alumnado que cursa as ensinanzas superiores de Deseño e estea en posesión dun título universitario oficial ou teña cursado e superado períodos formativos conducentes a titulacións universitarias oficiais dentro do Estado español, segundo plans de estudos regulados con anterioridade ao establecemento do Espazo Europeo da Educación Superior, poderánselle recoñecer créditos ECTS asociados ás disciplinas integradas nas ensinanzas superiores de Deseño que cursan, de acordo co establecido no artigo 14 desta orde.

5. Recoñecemento de créditos ECTS pola participación do alumnado en actividades culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias ou de cooperación: de acordo co establecido no número cinco do Real decreto 21/2015, do 23 de xaneiro, ao alumnado que cursa as ensinanzas superiores de Deseño poderánselle recoñecer créditos ECTS asociados a unha disciplina de carácter optativo pola súa participación en actividades en actividades culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias ou de cooperación, ata un máximo de seis créditos ECTS no total do plan de estudos, sempre que a natureza da actividade se relacione directamente coas competencias transversais, xerais ou específicas do título.



6. Estudos cursados e superados en titulacións universitarias de grao: o alumnado que cursa as ensinanzas superiores de Deseño poderá obter o recoñecemento de créditos ECTS asociados ás disciplinas que os integran, por ter superado períodos de estudo conducentes a titulacións oficiais españolas de ensinanzas universitarias, sempre que se acrediten en créditos ECTS. Ao alumnado que cursa as ensinanzas superiores de Deseño e estea en posesión dun título de grao universitario, integrado nunha rama de coñecemento directamente relacionada coas ensinanzas superiores de Deseño, segundo o establecido no anexo 2.a) do Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro, seralle recoñecido un mínimo de 36 créditos ECTS asociados ás disciplinas que integran as ensinanzas que cursa, segundo o establecido no anexo 1 do citado Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro. Ao alumnado que cursa as ensinanzas superiores de Deseño, e teña superado as prácticas externas curriculares dun título integrado nunha rama de coñecemento de ensinanzas universitarias directamente relacionada coas ensinanzas superiores de Deseño, segundo o establecido no anexo 2.a) do Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro, seranlle recoñecidos total ou parcialmente, créditos ECTS asociados á disciplina de Prácticas Externas, segundo o número de horas realizadas nas prácticas curriculares superadas e aplicando a proporción dun crédito ECTS por cada 25 horas realizadas. Para o recoñecemento da totalidade dos créditos ECTS asociados ás Prácticas Externas, o alumnado deberá completar as horas asignadas a estas, se for o caso, sen prexuízo da entrega da documentación que corresponda. A cualificación obtida polo alumnado nas prácticas curriculares non se terá en conta para os efectos da cualificación nas Prácticas Externas. Se o recoñecemento de créditos ECTS é total, manterase a cualificación obtida polo alumnado nas prácticas curriculares superadas.

7. Estudos cursados e superados conducentes ao título de técnico/a superior de Artes Plásticas e Deseño: ao alumnado de ensinanzas superiores de Deseño que estea en posesión dun título de técnico superior en Artes Plásticas e Deseño, ou titulación declarada equivalente, seranlle recoñecidos un mínimo de 30 créditos ECTS asignados ás disciplinas integradas nas ensinanzas superiores de Deseño que está cursando, en función da relación directa entre a especialidade das ensinanzas superiores de Deseño que estea cursando e as ensinanzas de artes plásticas e deseño que teña cursadas, segundo o establecido no anexo 2.c) do citado Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro. Ao alumnado que cursa as ensinanzas superiores de Deseño e teña superado o módulo profesional de Formación práctica en empresas, estudos ou talleres, integrado nun ciclo formativo de grao superior de Artes Plásticas e Deseño, seranlle recoñecidos parcialmente créditos ECTS asociados á disciplina de Prácticas Externas, segundo o número de horas realizadas no módulo superado e aplicando a proporción dun crédito ECTS por cada 25 horas realizadas. Para o reco-



ñecemento da totalidade dos créditos ECTS asociados ás Prácticas Externas, o alumnado deberá completar as horas asignadas a estas, sen prexuízo da entrega da documentación, que corresponda. A cualificación obtida polo alumnado no módulo de Formación en empresas, estudos ou talleres non se terá en conta para ningún efecto de recoñecemento de créditos ECTS, e no seu expediente académico figurará coa notación REC (recoñecida).

8. Estudos cursados e superados conducentes ao título de técnico superior de Formación Profesional: ao alumnado das ensinanzas superiores de Deseño que estea en posesión dun título de técnico superior en Formación Profesional, ou titulación declarada equivalente, seranlle recoñecidos un mínimo de 30 créditos ECTS, asignados ás disciplinas integradas nas ensinanzas superiores de Deseño que está cursando, en función da relación directa entre a especialidade das ensinanzas superiores de Deseño que estea cursando e as ensinanzas de Formación Profesional que teña cursadas, segundo o establecido no anexo 2.e) do citado Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro. Ao alumnado que cursa as ensinanzas superiores de Deseño e teña superado o módulo profesional de Formación en centros de traballo das ensinanzas de Formación Profesional de Grao Superior, relacionado directamente coa especialidade dos estudos superiores que está cursando, segundo o establecido no anexo 2.e) do Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro, seranlle recoñecidos parcialmente créditos ECTS asociados á disciplina de Prácticas Externas, segundo o número de horas realizadas no módulo superado e aplicando a proporción dun crédito ECTS por cada 25 horas realizadas. Para o recoñecemento da totalidade dos créditos ECTS asociados ás Prácticas Externas, o alumnado deberá completar as horas asignadas a estas, sen prexuízo da entrega da documentación, que corresponda. A cualificación obtida polo alumnado no módulo de Formación en centros de traballo, non se terá en conta para ningún efecto de recoñecemento de créditos ECTS, e no seu expediente académico figurará coa notación REC (recoñecida). Tamén se poderán recoñecer créditos ECTS asociados a disciplinas das ensinanzas superiores de Deseño ao alumnado que teña superado cursos de especialización referidos a un título oficial de técnico superior de Formación Profesional sempre que se acrediten oficialmente en créditos ECTS.

9. Estudos cursados e superados conducentes ao título de técnico superior en Ensinanzas Deportivas: ao alumnado das ensinanzas superiores de Deseño que estea en posesión dun título de técnico superior deportivo, ou equivalente, seralle recoñecido un mínimo de 27 créditos ECTS asignados ás disciplinas integradas nas ensinanzas superiores de Deseño que está cursando. No caso de que o alumnado solicite o recoñecemento dos créditos obtidos na realización da fase ou módulo de Formación práctica das ensinanzas deportivas de grao superior, aplicarase o criterio establecido no número 7 deste artigo. Tamén se poderán recoñecer créditos ECTS asociados a disciplinas das ensinanzas superiores de



Deseño ao alumnado que teña superado cursos de especialización referidos a un título oficial de técnico superior en Ensinanzas Deportivas, sempre que se acrediten oficialmente en créditos ECTS.

10. Recoñecemento total ou parcial dos créditos ECTS asociados á disciplina de Prácticas Externas: de acordo co establecido no número dous do Real decreto 21/2015, do 23 de xaneiro, ao alumnado que cursa as ensinanzas superiores de Deseño poderánselle recoñecer créditos ECTS asociados á disciplina de Prácticas Externas pola experiencia laboral ou profesional acreditada, sempre que a dita experiencia laboral ou profesional estea directamente relacionada coas competencias inherentes ao título a que conduce os estudos que cursa. O número de créditos ECTS que se lle recoñezan, asociados á disciplina de Prácticas Externas, non poderá exceder o 15 % da totalidade dos créditos ECTS asociados ao plan de estudos. O recoñecemento da totalidade destes créditos ECTS non incorporará cualificación, deberá figurar como cualificación a notación REC (recoñecida), e non contando para os efectos da baremación do expediente académico do alumnado. No caso do recoñecemento parcial dos créditos ECTS asociados á disciplina de Prácticas Externas, o alumnado deberá cursar a dita disciplina realizando as horas que correspondan, a razón de 25 horas por cada crédito ECTS non recoñecido, sen prexuízo do cumprimento das disposicións relativas á realización e superación da dita disciplina e, en particular, á súa cualificación.

Artigo 16. *Límites ao recoñecemento de créditos ECTS nas ensinanzas superiores de Deseño*

1. O procedemento de recoñecemento de créditos ECTS asociados a disciplinas das ensinanzas superiores de Deseño en ningún caso comportará a obtención do título superior de Deseño.

2. En ningún caso poderá ser obxecto de recoñecemento de créditos ECTS asociados a disciplinas das ensinanzas superiores de Deseño:

- a) Os traballos de fin de grao de ensinanzas universitarias.
- b) Os traballos fin de estudos das ensinanzas artísticas superiores.
- c) Os módulos de Obra ou Proxecto final ou de Proxecto integrado das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.
- d) Os módulos profesionais de Proxecto das ensinanzas de Formación Profesional.



e) Os módulos de Proxecto final das ensinanzas deportivas.

3. Os estudos recoñecidos non poderán superar o 60 % dos créditos ECTS do plan de estudos que cursa o alumnado.

4. Cando o recoñecemento de créditos ECTS se solicite para cursar estudos que conduzan á obtención dun título que permita o acceso a unha profesión regulada, deberá comprobarse que os estudos alegados responden ás condicións exixidas aos currículos e plans de estudos cuxa superación garantirá a cualificación profesional necesaria.

Artigo 17. Órgano competente na resolución de recoñecemento de créditos ECTS nas ensinanzas superiores de Deseño

Ao abeiro do disposto no artigo 10 do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, o órgano competente para a resolución das solicitudes de recoñecemento de créditos ECTS asociados a disciplinas integradas nas ensinanzas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia é a dirección xeral competente en materia de ensinanzas artísticas superiores, que poderá estar asesorada por unha comisión específica, integrada por inspectores de educación e/ou docentes dos corpos de catedráticos/as, de profesores/as de artes plásticas e deseño ou de mestres/as de taller da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 18. Procedemento para o recoñecemento de créditos ECTS asociados ás disciplinas integradas nas ensinanzas superiores de Deseño

1. Solicitud, prazos e documentación acreditativa.

a) O alumnado poderá solicitar o recoñecemento total ou parcial dos créditos ECTS asociados ás disciplinas integradas nas ensinanzas superiores de Deseño no centro no que estea cursando os ditos estudos. A solicitude deberá realizarse no momento da formalización da matrícula, segundo o modelo de solicitude que se estableza para tal fin.

b) Xunto coa solicitude, o alumnado achegará a seguinte documentación:

– Unha certificación académica oficial dos estudos cursados que sustentan a solicitude de recoñecemento de créditos.

– No caso de que os estudos superados polo alumnado solicitante fosen cursados segundo plans de estudos establecidos por outras administracións educativas autonómicas



do Estado Español, polas universidades, ou por autoridades educativas doutros estados, o alumnado achegará os programas oficiais seguidos nas disciplinas ou módulos que sustentan a solicitude, visados polos centros oficiais en que se teñen superado.

c) Rematado o prazo de matrícula, a dirección do centro remitirá á dirección xeral competente en materia de ensinanzas artísticas superiores, nun prazo non superior a dez días, todas as solicitudes presentadas xunto coa documentación relativa a estas, e, de ser o caso, os informes correspondentes.

2. Resolución, prazos e notificación.

A dirección xeral competente en materia de ensinanzas artísticas superiores resolverá e notificará aos centros, sobre as solicitudes de recoñecemento de créditos ECTS recibidas no prazo máximo de tres meses contado a partir do día seguinte ao de entrada das solicitudes na devandita dirección xeral.

Artigo 19. *Matrícula do alumnado nas disciplinas en que se lle recoñecen créditos ECTS asociados*

O alumnado ao cal se teña recoñecido a totalidade dos créditos ECTS asociados a unha disciplina poderá ampliar a súa matrícula noutras disciplinas que sumen o mesmo ou inferior número de créditos ECTS asociados que os recoñecidos, sen prexuízo do cumprimento do establecido con carácter xeral na presente orde en canto a matrícula e promoción.

Artigo 20. *Consignación dos créditos ECTS no expediente académico do alumnado*

As disciplinas das ensinanzas superiores de Deseño nas que o alumnado obteña o recoñecemento da totalidade dos créditos ECTS asociados figurarán no seu expediente coa cualificación numérica que corresponda segundo o establecido na presente orde, seguida da notación REC (recoñecida).

CAPÍTULO V

Mobilidade académica do alumnado

Artigo 21. *Ámbitos de aplicación*

De acordo co establecido no artigo 6 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, modificado polo Real decreto 21/2015, do 23 de xaneiro, o crédito ECTS como medida do haber académico do alumnado que cursa as ensinanzas superiores de Deseño na Comu-



nidade Autónoma de Galicia, garante a súa mobilidade académica entre centros de ensinanza artística superior da propia comunidade autónoma, entre centros de ensinanza artística superior doutras comunidades autónomas do Estado español e entre centros de ensinanza artística superior no Espazo Europeo da Educación Superior.

Artigo 22. Traslados de expediente entre centros de ensinanza artística superior de Deseño da Comunidade Autónoma de Galicia

1. Os traslados de expediente, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán suxeitos á existencia de prazas vacantes no centro de destino. A xunta da escola de cada centro será competente para resolver a súa admisión de acordo cos criterios que esta estableceza, e non estarán suxeitos ao proceso de recoñecemento de créditos ECTS, sempre que o alumnado que se traslada continúe cursando a mesma especialidade das ensinanza superior de Deseño.

2. A solicitude de traslado de expediente presentarase por escrito, dirixida á dirección do centro de acollida. Achegarase certificación do expediente académico do alumnado solicitante, antes dos quince días naturais anteriores ao sinalado como comezo do curso segundo o calendario escolar. No caso de ser admitida a solicitude de traslado, a dirección do centro de acollida solicitará ao centro de orixe do alumnado o traslado de tanta documentación íntegra o seu expediente académico.

3. No caso de que o traslado de expediente se produza unha vez iniciado o curso académico, a dirección do centro de acollida solicitará ao centro de orixe informe completo das cualificacións obtidas polo alumnado solicitante ata o momento do traslado.

4. O alumnado trasladado que teña iniciada nunha disciplina de carácter optativo no centro de orixe, que non figure no plan de estudos do centro de destino, deberá elixir entre as optativas ofertadas polo centro de destino, segundo o establecido nesta orde.

Artigo 23. Mobilidade académica no Espazo Europeo da Educación Superior

1. Os traslados de expediente do alumnado que cursa as ensinanza superior de Deseño nun centro oficial dependente doutra Administración educativa do Estado español ou nun centro oficial de ensinanza artística superior integrado no Espazo Europeo da Educación Superior estarán suxeitos á existencia de prazas vacantes no centro de destino. A xunta da escola de cada centro será competente para resolver a súa admisión de



acordo cos criterios que esta estableza, e estarán suxeitos ao proceso de recoñecemento de créditos ECTS, establecidos no capítulo IV desta orde.

2. A solicitude de traslado de expediente presentarase por escrito, segundo o modelo que se estableza para tal fin, dirixida á dirección do centro de acollida, antes dos quince días naturais anteriores ao sinalado como comezo do curso segundo o calendario escolar, achegando para iso certificación académica dos estudos cursados en que conste a norma que establece o plan de estudos cursado e as cualificacións obtidas, en idioma castelán.

3. No caso de que o traslado de expediente se produza unha vez iniciado o curso académico, será competencia da dirección do centro a valoración e admisión da solicitude. O/a interesado/a deberá achegar informe completo das súas cualificacións ata o momento do traslado.

4. No caso de alumnado que supere estudos parciais como resultado da súa participación nun programa de intercambio, o recoñecemento dos estudos cursados no país de destino por créditos ECTS corresponderalle á dirección do centro en que estea matriculado, ao abeiro do acordo establecido previamente entre os dous centros no marco da normativa europea de educación superior.

CAPÍTULO VI

Planificación académica

Artigo 24. *Planificación académica anual*

1. A planificación académica anual en cada centro axustarase ao disposto no plan de estudos recollido no Decreto 172/2015, do 29 de outubro, atendendo ao calendario oficial establecido para cada ano académico, e no regulamento orgánico establecido no Decreto 61/2011, do 24 de marzo.

2. No primeiro, segundo e terceiro cursos das ensinanzas superiores de Deseño, as actividades lectivas estenderanse ao longo do todo o ano académico, segundo o calendario escolar. A docencia nas disciplinas integradas no cuarto curso impartirase ao longo do primeiro cuadrimestre de cada ano académico, agás no caso das disciplinas de prácticas externas (PE) e o traballo de fin de estudos (TFE), que se realizarán ao longo do segundo cuadrimestre de cada ano académico.



Artigo 25. Guías docentes

1. A guía docente xeral é o documento de carácter público en que se especifican os aspectos básicos de cada unha das disciplinas que integran o plan de estudos:

- a) Identificación da materia e da disciplina.
- b) Obxectivos.
- c) Competencias.
- d) Contidos.
- e) Metodoloxías, actividades e temporalización.
- f) Sistema de avaliación.

2. As guías docentes, tanto das disciplinas con carácter de formación básica (FB), como as de carácter obrigatoria de especialidade (OE) e as de carácter de optativas (OP) con igual denominación, serán únicas para cada especialidade das ensinanzas superiores de Deseño, con independencia do centro, público ou privado, en que se impartan.

3. As guías docentes axustaranse ao modelo establecido polo sistema de calidade implantado no centro educativo.

Artigo 26. Programación anual das disciplinas

A programación anual de cada disciplina basearase no establecido na guía docente da disciplina correspondente, e axustarase ao modelo establecido polo sistema de calidade implantado no centro.

A programación da disciplina recollerá para cada ano académico, ademais dos puntos establecidos con carácter xeral na correspondente guía didáctica:

- a) Identificación completa e contextualización.
- b) Docente responsable.
- c) Organización dos contidos propios e temporalización da súa docencia.



d) Procedemento e instrumentos de avaliación ordinaria e extraordinaria. Sistema de cualificación e sistema de recuperación.

e) Metodoloxía, materiais e recursos didácticos e actividades complementarias.

f) Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais.

A programación de cada disciplina formará parte do proxecto funcional da escola, e será accesible ao alumnado polo medio que determine a dirección do centro.

Artigo 27. *Disciplinas optativas*

1. As disciplinas de carácter optativo serán ofertadas polos centros, atendendo aos requirimentos de formación específica do alumnado en relación coas necesidades detectadas no mercado laboral da especialidade correspondente, ás necesidades de actualización derivadas da evolución das tecnoloxías da información e a comunicación, ás necesidades impostas pola evolución da normativa relacionada coa profesión correspondente, ou as necesidades relacionadas coa incorporación de novas técnicas ou procedementos na materia propia da especialidade.

2. O catálogo de disciplinas optativas nas ensinanzas superiores de Deseño é o que figura no anexo a esta orde.

3. Ademais das disciplinas optativas indicadas no punto anterior, os centros poderán solicitar á dirección xeral competente en materia de ensinanzas artísticas superiores a correspondente autorización para incluír novas disciplinas optativas, achegando xunto coa solicitude unha memoria xustificativa da necesidade da súa incorporación, a correspondente guía docente e a programación da disciplina. Non se poderán impartir disciplinas optativas con menos de sete alumnos/as, agás situacións académicas excepcionais, que requirirán dunha autorización especial por parte do servizo de inspección educativa. A incorporación dunha disciplina á oferta dos centros manterase polo menos durante dous anos académicos consecutivos.

Artigo 28. *Sistema de xestión calidade*

1. Para os efectos do establecido no artigo 2.3 do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, a dirección xeral competente en materia de ensinanzas artísticas superiores, no ámbito das súas competencias, establecerá cantas normas considere oportunas para o desenvolvemento dos sistemas de garantía interna e externa da calidade dos centros de ensinanzas



zas artísticas superiores, que incluírán a supervisión a través dos servizos de inspección educativa, e a avaliación e o seguimento do plan de estudos por parte da axencia para a calidade que se determine.

2. Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, cada centro superior establecerá un sistema de garantía interna da calidade coa finalidade de potenciar a mellora das súas actividades docentes e de xestión, que seguirá as normativas establecidas pola Administración educativa en relación cos procesos de xestión e auditorías de calidade.

CAPÍTULO VII

Avaliación e cualificación do alumnado

Artigo 29. Características xerais da avaliación

1. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada por disciplinas, considerando os contidos, as competencias e os criterios de avaliación establecidos no currículo de cada unha das súas especialidades e cursos.

2. A avaliación será realizada polo profesor ou profesora de cada disciplina, en sesión de avaliación coordinada polo/a titor/a de cada curso, conforme ao Decreto 61/2011, do 24 de marzo.

3. As disciplinas con carácter progresivo son aquelas que na súa denominación inclúen números romanos. Igualmente, considéranse disciplinas progresivas as que figuran no anexo desta orde.

Artigo 30. Convocatorias

En cada curso académico o alumnado disporá de dúas convocatorias: unha convocatoria de carácter ordinario e unha convocatoria de carácter extraordinario, que se farán públicas para o alumnado coa suficiente antelación.

Artigo 31. Sistema de cualificación

1. Os resultados da avaliación de cada disciplina expresaranse en termos de cualificación numérica nunha escala de 0 a 10, con expresión dun decimal, engadíndolle a correspondente cualificación cualitativa segundo a seguinte correlación:

a) 0-4,9: suspenso/a (SS).



b) 5,0-6,9: aprobado/a (AP).

c) 7,0-8,9: notable (NT).

d) 9,0-10: sobresaliente (SB).

Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco e negativas as restantes. Cando o alumnado deba ser avaliado unicamente a través da realización dunha proba, e non se presente á súa realización, a cualificación será a de «non presentado/a» (NP).

2. Cualificación media do expediente académico do alumnado.

Segundo o disposto no artigo 5.3 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, modificado polo Real decreto 21/2015, a media do expediente académico de cada alumno/a será o resultado da aplicación da seguinte fórmula: suma dos créditos obtidos polo/a alumno/a multiplicados cada un deles polo valor das cualificacións que correspondan e dividida polo número de créditos ECTS totais obtidos polo/a alumno/a.

3. Matrícula de honra.

A mención de matrícula de honra poderá ser outorgada aos/ás estudantes que obtengan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 5 % dos/das estudantes matriculados/as nunha disciplina no correspondente curso académico, agás que o número de estudantes matriculados/as sexa inferior a 20, en cuxo caso poderase conceder unha soa matrícula de honra.

4. Nota media da promoción.

Para os efectos do cálculo da nota media da promoción, observarase o disposto no punto terceiro da Resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do Protocolo de colaboración suscrito entre a consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos.

Artigo 32. *Reclamación contra as cualificacións*

1. Co fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento sexa avaliado conforme criterios obxectivos, o interesado ou interesada poderá reclamar ante a dirección



do centro, nun prazo de 2 días, contados a partir do día seguinte ao da comunicación da cualificación, contra as seguintes cualificacións:

- a) Probas de acceso.
- b) Probas finais ordinarias e extraordinarias.
- c) Prácticas externas (PE).
- d) Traballo fin de estudos (TFE).

2. A reclamación poderana presentar cando consideren que a cualificación se outorgou sen a obxectividade requirida debido a:

a) Inadecuación da proba proposta ou dos instrumentos de avaliación aplicados en relación cos obxectivos e contidos da disciplina.

b) Incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.

3. No suposto de reclamación contra as cualificacións finais, o director ou directora do centro someteraa ao departamento correspondente. Logo de recibido o informe do departamento, o director ou directora do centro emitirá resolución motivada ao respecto no prazo de cinco días, contados a partir da súa recepción.

4. No suposto de reclamación contra as cualificacións das probas de acceso e do TFE, o director ou directora do centro someteraa ao tribunal avaliador correspondente. Logo de recibido o informe do tribunal, o director ou directora do centro emitirá resolución motivada ao respecto no prazo de cinco días, contados a partir da súa recepción. Para as probas de acceso, o prazo será de dous días.

5. Contra a resolución do director ou directora do centro, o/a interesado/a poderá presentar recurso de alzada perante a xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria correspondente no prazo máximo dun mes a partir da súa notificación. No caso de que o recurso se presente a través do centro, a dirección tramitarao xunto coa documentación correspondente nun prazo non superior a 48 horas. A resolución da xefatura territorial poñerá fin á vía administrativa.



Artigo 33. Premios extraordinarios

1. Os centros poderán outorgar un único premio extraordinario por especialidade e itinerario, de ser o caso, ao finalizar o cuarto curso destas ensinanzas.

2. Para optar ao dito premio será requisito indispensable ter obtido a cualificación media de 8,5 no último curso, incluída a cualificación do traballo fin de estudos (TFE), e exclusivamente na convocatoria ordinaria.

3. No suposto de que haxa máis dun/dunha candidato/a que cumpra os requisitos para a obtención do premio extraordinario, aplicaranse os seguintes criterios:

- a) Maior cualificación media do cuarto curso.
- b) Maior cualificación no TFE.
- c) Maior cualificación media de todo o expediente.

4. Para os efectos do cálculo da nota media, tanto se esta se refire a un curso como se se refire a todo o expediente académico do alumnado, observarase o disposto no artigo 31.2 desta orde.

Artigo 34. Documentos de avaliación

A documentación de avaliación deberase axustar aos modelos e procesos de calidade que a dirección xeral competente en materia de ensinanzas artísticas superiores determine.

CAPÍTULO VIII**Traballo de fin de estudos (TFE)****Artigo 35. Aspectos xerais do TFE**

1. O alumnado do TFE deberá propoñerlle ao departamento da familia profesional correspondente que estea cursando, nos prazos que para cada curso escolar se determinen desde a Área de Formación da escola, e achegando a documentación necesaria, o traballo ou tema concreto que pretende desenvolver. O departamento, vistas as propostas do alumnado, propondrá a xefatura de estudos a asignación de titor/a, e determinará a idoneidade do proxecto presentado en función dos requisitos exixibles. De non considerarse idónea a



proposta formulada, o/a alumno/a deberá aceptar os cambios propostos polo/a titor/a, ou formular unha nova proposta, no prazo sinalado polo departamento.

2. Durante a realización do TFE, o alumnado poderá dispoñer dos espazos, instalacións e medios precisos existentes no centro, coa tutela do/da docente que exerza a función de titor/a, e en horario e calendario que a xefatura de estudos determine.

3. Como parte integrante do TFE, o alumnado presentará unha memoria xustificativa do traballo realizado, que deberá conter un resumo desta nun idioma estranxeiro.

4. A presentación e defensa do TFE poderá ser recollido en soporte dixital. En calquera caso, as gravacións obtidas quedarán perfectamente identificadas, catalogadas e arquivadas para os efectos de atender calquera reclamación.

Artigo 36. *Desenvolvemento do TFE*

1. O TFE consistirá no desenvolvemento completo dun proxecto orixinal e inédito da especialidade das ensinanzas superiores de Deseño correspondente, coa execución material daquelas partes del que o tribunal encargado da súa organización, desenvolvemento e avaliación determine, cos condicionantes previos, de información, de redacción, de execución e de viabilidade técnica e económica o máis semellantes posible ás do ámbito laboral, social, económico, cultural e produtivo real.

2. O tribunal encargado da organización, desenvolvemento e avaliación do TFE, atendendo ás instrucións ao respecto acordadas polo departamento da familia profesional da especialidade correspondente informará por escrito ao alumnado das partes que integran o TFE, especificando a documentación que forma parte de cada unha delas, sexan documentos gráficos, dixitais, desenvolvementos volumétricos dixitais ou reais, e o tipo de soporte en que deban ser presentados e o seu formato, incluída a memoria xustificativa sinalada no artigo 35.3 desta orde, e do calendario, horario e forma de entrega do TFE.

3. O alumnado do TFE deberá expoñer o seu TFE perante o tribunal en sesión pública, durante un máximo de vinte minutos, utilizando para iso os medios que xulgue oportunos, e o tribunal poderá formularlle ao alumnado preguntas ou solicitar aclaracións sobre o seu TFE durante un tempo máximo de dez minutos.

4. A avaliación do TFE consistirá na constatación dos coñecementos que o alumnado amose dos contidos propios da especialidade, e da valoración do nivel acadado nas de



competencias transversais, xerais e específicas establecidas para esta disciplina no anexo I do Decreto 172/2015, do 29 de outubro.

Artigo 37. Organización, supervisión, tutela e cualificación

1. Para a organización, avaliación e cualificación do TFE, constituirase un tribunal integrado, preferentemente, por docentes da especialidade correspondente, nomeado pola dirección do centro, por proposta da xefatura de estudos deste, que estará integrado, cando menos, por un/unha presidente/a, un/ha secretario/a e un/ha vogal. Así mesmo, a dirección do centro nomeará un tribunal suplente. Sempre que a dispoñibilidade do profesorado do centro o permita, os/as docentes que desempeñen a tutela do alumnado no TFE non poderán formar parte do tribunal cualificador deste.

2. A Área de Formación da escola establecerá, no capítulo III do Plan anual, os criterios para o desenvolvemento do TFE en cada curso escolar, que se integrará no Plan anual, e que conterá, cando menos, os seguintes aspectos:

a) Prazo/s, condicións e documentación precisa para a presentación e defensa das propostas de traballo por parte do alumnado, calendario e horario de defensa das propostas.

b) Asignación de titor/a do TFE a cada alumno/a, e horario semanal de atención por parte do/da titor/a, segundo dispoñibilidade do profesorado.

c) Calendario de realización, prazo e forma de entrega do TFE, calendario e horario de exposición e defensa destes.

3. O alumnado do TFE contará coa tutela dun/dunha profesor/a da especialidade durante catro horas á semana durante o cuadrimestre correspondente, en horario que será determinado pola xefatura de estudos, oído o equipo docente da especialidade e en función das súas necesidades de organización xeral.

4. Previamente, en data que determine o tribunal cualificador do TFE, os/as titores/as do alumnado que presente o TFE para a súa avaliación e cualificación, deberán achegar informe individualizado para cada alumno/a tutelado/a, en relación co da tutela realizada, con indicación da asistencia do/da alumno/a aos horarios de tutela establecidos, grao do seguimento das indicacións dadas e cantas outras circunstancias consideren significativas ou relevantes para a correcta avaliación do TFE.

5. A cualificación do TFE será a media aritmética das cualificacións emitidas polos/as integrantes do tribunal presentes na sesión de cualificación. Cando entre as puntuacións



outorgadas exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas as cualificacións máxima e mínima e calcularase a puntuación media entre as cualificacións restantes. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, unicamente será excluída unha delas.

6. A cualificación no TFE expresarase en termos numéricos segundo a escala de 0 a 10 cun decimal. No caso de que a cualificación obtida polo alumnado resulte con máis de dous decimais, redondearase aos dous decimais por exceso. Á cualificación numérica engadiráselle a cualificación cualitativa segundo a relación establecida no artigo 31.1 desta orde. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco e negativas as restantes. A acta incluirá un informe do tribunal elaborado para tales efectos.

CAPÍTULO IX

As prácticas externas (PE)

Artigo 38. *Características e modalidades das PE*

1. As prácticas académicas externas constitúen unha actividade de natureza formativa e carácter práctico que o alumnado debe realizar, supervisada polo centro en que cursa os estudos, tendo como obxectivo permitirlle aplicar e complementar os coñecementos acadados na súa formación académica, favorecer a adquisición das competencias asignadas á dita disciplina, preparar para o exercicio de actividades profesionais, facilitar a súa empregabilidade e fomentar a súa capacidade de emprendemento.

2. As PE poderanse realizar en entidades colaboradoras, tales como empresas, institucións, entidades públicas ou privadas de ámbito nacional ou internacional. Dado o carácter formativo das PE, da súa realización non se derivarán, en ningún caso, obrigas propias dunha relación laboral, nin suporá para o alumnado en prácticas a prestación laboral propia dun posto de traballo.

3. As PE poderán ser curriculares e extracurriculares:

a) As PE curriculares configúranse como actividades académicas integrantes do plan de estudos establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro.

b) As prácticas extracurriculares son aquelas que o alumnado poderá realizar con carácter voluntario durante o seu período de formación e que, aínda tendo os mesmos obxectivos que as prácticas curriculares, non forman parte do plan de estudos, e serán recollidas no suplemento europeo ao título (SET) segundo o establecido nesta orde.



Artigo 39. Obxectivos das PE

Coa realización das PE preténdese acadar os seguintes obxectivos:

- a) Contribuír á formación integral do alumnado complementando a súa formación teórica e práctica.
- b) Facilitar o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional en que o alumnado deberá operar, contrastando e aplicando os coñecementos acadados.
- c) Favorecer o desenvolvemento de competencias xerais, transversais e específicas asignadas á disciplina e as competencias metodolóxicas, persoais e participativas.
- d) Obter a experiencia práctica que lle facilite a inserción no mercado laboral.
- e) Favorecer os valores da innovación, a creatividade e o emprendemento.

Artigo 40. Programación das PE

A programación en que se concretará a realización das PE deberá fixar os obxectivos formativos, as actividades a desenvolver e os criterios de avaliación acordados polo departamento da familia artística profesional correspondente aos cales fai alusión o artigo 42.5 desta orde. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias xerais, transversais e específicas asignadas a esta disciplina, e os contidos definiranse de xeito que aseguren a relación directa das competencias a acadar nos estudos cursados. En calquera caso, procurarase que a programación se conforme seguindo os principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

Artigo 41. Realización, duración e horarios das PE

1. As PE serán realizadas polo alumnado en empresas, institucións, estudos ou talleres en que a actividade principal se desenvolva no ámbito profesional da especialidade correspondente, en tarefas directamente relacionadas coas competencias específicas acadadas polo alumnado ao longo dos seus estudos. O alumnado redactará e entregará ao/á seu/súa titor/a académico/a unha memoria final segundo o formato disposto polo centro, ao remate das prácticas, en que deberán figurar, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) Datos persoais do/da alumno/a.



b) Datos da entidade colaboradora en que realizou as PE e lugar de localización.

c) Descrición concreta e detallada das tarefas, traballos desenvolvidos e departamentos da entidade aos cales estivo asignado/a, temporalización, circunstancias, calendario e horario destas.

d) Valoración das tarefas desenvolvidas segundo os seguintes parámetros: adecuación das tarefas aos coñecementos e competencias acadadas na súa formación académica e grao de inmersión do/da alumno/a nos procesos produtivos e laborais da institución ou empresa.

e) Valoración dos problemas formulados e o procedemento seguido para a súa resolución.

f) Identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas realizadas.

g) Valoración da titoría efectiva desenvolvida polo/a responsable das PE por parte da entidade, e suxestións de mellora.

2. As PE terán unha duración presencial mínima de 250 horas, distribuídas en horarios establecidos de acordo coas súas características e as dispoñibilidades da entidade colaboradora. Procurarase que os horarios sexan compatibles coa actividade académica formativa e de representación e participación desenvolvida polo alumnado no centro no que cursa as ensinanzas superiores de Deseño.

Artigo 42. *Organización das PE*

1. As PE serán organizadas, supervisadas e cualificadas segundo o disposto no artigo 12.4 do Decreto 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de Deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os centros en que o alumnado cursa as ensinanzas superiores de Deseño e as entidades colaboradoras na realización das PE asinarán un acordo de colaboración no que constará, cando menos, os seguintes datos:

a) Nome, razón social da empresa ou institución na que se realizarán as prácticas externas, e persoa responsable da realización das PE por parte da empresa ou institución.



b) Centro, dirección e localidade na que terán lugar.

c) Datas de comezo e remate das PE, e a súa duración en horas.

d) Número de horas diarias de dedicación ou xornada e horario/s asignado/s.

e) Programación das actividades e competencias a desenvolver.

f) Horario e calendario individualizado para cada alumno/a, e definición das tarefas nas que o alumnado terá que participar.

g) Modelo de informe de valoración da actividade desenvolta polo alumnado na realización das PE, a formalizar polo/a responsable das PE por parte da empresa ou institución.

3. Asignación do alumnado a empresas e institucións para a realización das PE.

O/a titor/a académico/a do cuarto curso de cada especialidade das ensinanzas superiores de Deseño asignará ao alumnado que reúna as condicións establecidas na presente orde para a realización das PE, a empresa ou institución para o efecto, segundo os seguintes criterios:

a) Os centros establecerán a oferta, difusión, solicitude e asignación de empresas ou institucións para a realización das PE de cada especialidade, garantindo, en calquera caso, os principios de transparencia, publicidade, accesibilidade universal e igualdade de oportunidades.

b) Outorgarase prioridade ao alumnado que solicite realizar prácticas curriculares fronte ao alumnado que solicite realizar prácticas extracurriculares. Así mesmo, outorgarase prioridade na elección e asignación de empresas e/ou entidades ao alumnado con discapacidade, co obxecto de que poidan optar a empresas ou institucións en que estean aseguradas todas as medidas de accesibilidade universal, incluídas as referidas ao transporte para o seu traslado e o acceso a estas.

4. Funcións do/da titor/a das PE.

O/a titor/a académico/a do cuarto curso das ensinanzas superiores de Deseño terá, en relación co desenvolvemento das PE, as seguintes funcións:

a) Formalizar na documentación establecida para o efecto, os acordos coas persoas responsables das empresas ou institucións que colaboren co centro na realización das



PE, de acordo coas directrices aprobadas polo departamento de relación con empresas, estudos ou talleres.

b) Asignar ao alumnado ás empresas ou institucións para a realización das PE, informándoo do calendario, horario e condicións de realización destas.

c) Cubrir e custodiar a documentación relacionada coa realización das PE do alumnado, e que formará parte integrante do seu expediente académico.

d) Informar e asesorar o alumnado en cantas cuestións se presenten na realización das PE.

e) Cualificar o alumnado, tendo en conta o informe do/da responsable das PE por parte da empresa ou institución, de acordo cos criterios fixados polo departamento correspondente e co establecido nesta orde.

5. Cualificación das PE.

As PE serán avaliadas e cualificadas polo/a titor/a correspondente, segundo o establecido no artigo 37 do citado Decreto 61/2011, e tendo en conta o informe individualizado sobre cada alumno/a redactado polo/a responsable da empresa, institución, estudo ou taller no que o/a alumno/a teña realizadas as PE.

Na avaliación das PE teranse en conta os criterios que acorden o departamento da familia profesional artística correspondente e o informe individualizado do/da titor/a das PE.

A cualificación das PE expresarase en termos numéricos nunha escala do 0 ao 10, con expresión dun decimal.

No caso que, por causa debidamente xustificada, o alumnado que está realizando as PE interrompa a súa realización, o tempo efectivo de realización seralle computado sempre que se reincorpore á súa realización, no mesmo ou diferente ano académico.

Cando o alumnado realice esta disciplina noutro centro de ensinanza artística superior integrado no Espazo Europeo da Educación Superior, conforme a un programa de mobilidade do alumnado, a realización, organización e cualificación das PE realizarase conforme o establecido no dito programa de mobilidade.



CAPÍTULO X**Tramitación da documentación dos centros privados autorizados****Artigo 43. Expediente académico**

O trámite de apertura do expediente académico do alumnado deberá realizalo o centro privado autorizado, que dará traslado ao centro público ao cal estea adscrito de toda a documentación que integra o dito expediente.

A apertura do expediente deberase realizar unha vez que o/a estudante teña formalizado a matrícula de primeiro curso e dentro dos tres primeiros meses do curso académico.

O expediente do/da estudante que o centro privado deberá achegar ao centro público conterá a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte.

b) Orixinal e copia da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos académicos de acceso, segundo proceda:

1º. Título de Bacharel ou titulación equivalente.

2º. Certificado de superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

3º. Certificado da superación da proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ás ensinanzas artísticas superiores.

4º. Título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño no caso de acceso directo.

c) Certificado de superación da proba específica de acceso.

d) Xustificante de ter aboado o prezo público establecido para estas ensinanzas, ou de estar exento do seu pagamento.

e) Xustificante de ter realizada a matrícula no centro privado. Neste xustificante deberán consignar as materias obxecto de matriculación por curso académico, incluídas as que o/a estudante solicite recoñecemento de créditos. Nos casos en que os/as estudantes teñan sido admitidos/as por traslado de expediente ou ben soliciten recoñecemento de créditos, deberase incluír unha certificación académica dos estudos oficiais cursados anteriormente.



Artigo 44. *Actualización do expediente académico e entrega de actas*

A información contida no expediente académico deberá ser actualizada cada curso académico nas datas que os centros públicos determinen.

A información que deberá ser actualizada será a seguinte:

a) Para cada curso académico, deberanse facer constar tanto as materias cursadas como as recoñecidas.

b) Orixinais das resolucións de recoñecemento de créditos, renuncias de matrícula, anulacións de convocatoria, convocatorias extraordinarias e traslados de expediente, que foran concedidas ao longo do curso.

c) Xustificante de ter aboado o prezo público establecido para estas ensinanzas, ou de estar exento do seu pagamento.

d) Orixinal e copia das actas correspondentes a cada unha das convocatorias.

Artigo 45. *Peche e arquivamento do expediente académico*

Unha vez que o/a estudante finalice os seus estudos no centro privado ou ben non continúe os seus estudos por decisión propia ou por incumprimento da normativa de permanencia e matriculación, o centro público procederá ao peche e arquivamento do expediente académico persoal.

Artigo 46. *Expedición de certificacións académicas oficiais*

A expedición de certificacións académicas oficiais só poderá ser realizada polo centro público de adscrición.

O/a estudante presentará a solicitude no centro privado en que estea matriculado/a, que deberá remitir cuberta ao centro público a certificación académica, para a súa comprobación e sinatura polo centro público. Unha vez asinada, o centro público remitirá ao centro privado a certificación académica para a entrega ao/á interesado/a.

Artigo 47. *Proposta de títulos*

O centro privado será o encargado de recompilar a documentación necesaria para a elaboración da proposta de títulos por parte do centro público de todos/as os/as estudantes do centro privado que finalizaran os seus estudos.



Os prazos para a remisión das propostas de títulos desde os centros privados serán establecidos polos centros públicos aos que estean adscritos.

A documentación que se deberá entregar ao centro público será a seguinte:

a) No caso de que non fose depositada con anterioridade á solicitude de título, a documentación recollida nos artigos 43 e 44 desta orde.

b) Naqueles casos en que se teña producido algunha modificación na documentación acreditativa da identidade do/da estudante deberase achegar o documento de identidade debidamente actualizado.

c) Xustificante acreditativo de ter aboadas as taxas legalmente establecidas para os efectos da expedición de cada un/unha dos/das estudantes.

Disposición derogatoria

Quedan derogados os artigos e disposicións da Orde do 30 de setembro de 2010 pola que estableceu o plan das ensinanzas artísticas superiores de grao en Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia que non foran derogados polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro. Igualmente, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Quedan autorizados/as os/as titulares das direccións xerais de Centros e Recursos Humanos e de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar todos os actos e medidas que sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2016

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



ANEXO I
Relación de disciplinas de contido progresivo
nas ensinanzas superiores de Deseño

1º curso	2º curso	3º curso	4º curso
Especialidade: Gráfico			
	Proxectos de Deseño Gráfico I	Proxectos de Deseño Gráfico II	Proxecto Interdisciplinario
Tecnoloxía Dixital	Tecnoloxía Dixital Aplicada I	Tecnoloxía Dixital Aplicada II	
Laboratorio de Imaxe	Fotografía		
Especialidade: Interiores			
	Proxectos de Deseño de Interiores I	Proxectos de Deseño de Interiores II	Proxectos de Deseño de Interiores III
Tecnoloxía Dixital	Tecnoloxía Dixital Aplicada I	Tecnoloxía Dixital Aplicada II	
	Construción I	Construción II	
	Materiais		
	Instalacións I	Instalacións II	
Especialidade: Moda			
Tecnoloxía Dixital	Deseño Gráfico Aplicado á Moda		
Volume	Estruturas		
Deseño Básico	Deseño de Moda I	Deseño de Moda II	
Patronaxe básica	Patronaxe I	Patronaxe II	
	Modelismo e Prototipos	Proxectos de Deseño de Moda	
	Tecnoloxía Téxtil I	Tecnoloxía Téxtil II	
	Materiais Téxtiles I	Materiais Téxtiles II	
Especialidade: Produto			
Tecnoloxía Dixital	Tecnoloxía Dixital Aplicada		
Volume	Modelos e Prototipos I		
Historia das Artes e o Deseño	Historia do Deseño Industrial		
Deseño Básico	Proxectos de Deseño de Produto I	Proxectos de Deseño de Produto II	
Fundamentos do Deseño			
Ciencia Aplicada ao Deseño	Materiais I	Materiais II	
	Deseño Gráfico Aplicado aos Produtos	Envases e Embalaxes	



ANEXO II

Créditos ECTS asociados a materias dos estudos superiores de Deseño que se recoñecerán ao alumnado que iniciase ou rematado as ensinanzas superiores de Deseño segundo o plan de estudos establecido polo Decreto 233/2005, do 14 de xullo

1º curso dos estudos superiores de Deseño Gráfico, cursado segundo o Decreto 233/2005, do 14 de xullo	1º curso das ensinanzas superiores de Deseño Gráfico, cursado segundo o plan de estudos establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro
Materia superada	Créditos ECTS asociados/Materia recoñecida/Carácter
Debuxo Artístico e Cor	10/Debuxo Artístico/FB
Volume	8/Volume/FB
Teoría da Imaxe	4/Fundamentos do Deseño/FB
Proxectos Básicos	8/Deseño Básico/FB
Historia da Arte	6/Historia das Artes e o Deseño/FB
Fundamentos Científicos do Deseño	6/Ciencia Aplicada ao Deseño/FB
Xeometría Descritiva	6/Sistemas de Representación/FB
Taller de Tecnoloxía Dixital	6/Tecnoloxía Dixital/FB
	6/Laboratorio de Imaxe/OE
Total créditos ECTS	60

2º curso dos estudos superiores de Deseño Gráfico, cursado segundo o Decreto 233/2005, do 14 de xullo	2º curso das ensinanzas superiores de Deseño Gráfico, cursado segundo o plan de estudos establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro
Materia superada	Créditos ECTS asociados/Materia recoñecida/Carácter
Historia e Teoría do Deseño	6/Cultura do Deseño/FB
	6/Historia do Deseño Gráfico/OE
Fotografía	6/Fotografía/OE
Taller de Tecnoloxía Dixital Aplicada ao Deseño Gráfico	12/Tecnoloxía Dixital Aplicada I/OE
Tecnoloxía das Artes Gráficas	6/Producción Gráfica/OE
Tipografía	6/Tipografía/OE
Proxectos de Deseño Gráfico I	12/Proxectos de Deseño Gráfico I/OE
Técnicas de Expresión Gráfica	6/Unha materia optativa/OP
Total créditos ECTS	60

3º curso dos estudos superiores de Deseño Gráfico, cursado segundo o Decreto 233/2005, do 14 de xullo	3º curso das ensinanzas superiores de Deseño Gráfico, cursado segundo o plan de estudos establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro
Materia superada	Créditos ECTS asociados/Materia recoñecida/Carácter
Audiovisuais	16/Técnicas Audiovisuais e de Animación/OE
Taller de Tecnoloxía Dixital Aplicada ao Deseño Gráfico II	6/Tecnoloxía Dixital Aplicada II/OE
Proxectos de Deseño Gráfico II	16/Proxectos de Deseño Gráfico II/OE



3º curso dos estudos superiores de Deseño Gráfico, cursado segundo o Decreto 233/2005, do 14 de xullo	3º curso das ensinanzas superiores de Deseño Gráfico, cursado segundo o plan de estudos establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro
Materia superada	Créditos ECTS asociados/Materia recoñecida/Carácter
Organización e Lexislación Aplicada ao Deseño Gráfico	4/Organización e Lexislación/FB
6/Teoría da Comunicación Visual da Publicidade	
6/Historia e Teoría do Deseño Gráfico	6/Unha materia optativa/OP
6/Unha materia optativa	6/Unha materia optativa/OP
6/Unha materia optativa	6/Unha materia optativa/OP
Total créditos ECTS	60

1º curso dos estudos superiores de Deseño de Interiores, cursado segundo o Decreto 233/2005, do 14 de xullo	1º curso das ensinanzas superiores de Deseño de Interiores, cursado segundo o plan de estudos establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro
Materia superada	Créditos ECTS asociados/Materia recoñecida/Carácter
Debuxo Artístico e Cor	10/Debuxo Artístico/FB
Volume	8/Volume/FB
Teoría da Imaxe	4/Fundamentos do Deseño/FB
Historia da Arte	6/Historia das Artes e o Deseño/FB
Fundamentos Científicos do Deseño	6/Ciencia Aplicada ao Deseño/FB
Xeometría Descritiva	6/Sistemas de Representación/FB
Proxectos Básicos	6/Debuxo Técnico Aplicado ao Deseño de Interiores/OE
	8/Deseño Básico/FB
12/Taller de Tecnoloxía Dixital	6/Tecnoloxía Dixital/FB
Total créditos ECTS	60

2º curso dos estudos superiores de Deseño de Interiores, cursado segundo o Decreto 233/2005, do 14 de xullo	2º curso das ensinanzas superiores de Deseño de Interiores, cursado segundo o plan de estudos establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro
Materia superada	Créditos ECTS asociados/Asignación recoñecida/Carácter
Historia e Teoría do Deseño	6/Cultura do Deseño/FB
Ciencias Sociais Aplicadas ao Deseño de Interiores	
Construción I	8/Construción I/OE
Instalacións I	8/Instalacións I/OE
Estruturas	6/Materiais/OE
Taller de Tecnoloxía Dixital Aplicada ao Deseño de Interiores	6/Tecnoloxía Dixital Aplicada/OE
Práctica Profesional e Lexislación Aplicada	4/Organización e Lexislación/FB
Proxectos de Deseño de Interiores I	16/Proxectos de Deseño de Interiores/OE
Teoría do Interiorismo	6/Unha materia optativa/OP
Total créditos ECTS	60



3º curso dos estudos superiores de Deseño de Interiores, cursado segundo o Decreto 233/2005, do 14 de xullo	3º curso das ensinanzas superiores de Deseño de Interiores, cursado segundo o plan de estudos establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro
Materia superada	Créditos ECTS asociados/Materia recoñecida/Carácter
Historia e Teoría da Arte e o Deseño	4/Historia do Deseño de Interiores/OE
Acondicionamento e Rehabilitación de Edificios	10/Construción II/OE
Construción II	
Instalacións II	8/Instalacións II/OE
Proxectos de Deseño de Interiores II	16/Proxectos de Deseño de Interiores II/OE
	6/Tecnoloxía Dixital Aplicada II/OE
Unha materia optativa	6/Unha materia optativa/OP
Unha materia optativa	6/Unha materia optativa/OP
Total créditos ECTS	56

3º curso dos estudos superiores de Deseño de Interiores, cursado segundo o Decreto 233/2005, do 14 de xullo	4º curso das ensinanzas superiores de Deseño de Interiores, cursado segundo o plan de estudos establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro
Materia superada	Créditos ECTS asociados/Materia recoñecida/Carácter
Medicións, Orzamentos e Planificación de Obra	6/Medicións/OE
Total créditos ECTS	6

1º curso dos estudos superiores de Deseño de moda, cursado segundo o Decreto 233/2005, do 14 de xullo	1º curso das ensinanzas superiores de Deseño de moda, cursado segundo o plan de estudos establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro
Materia superada	Créditos ECTS asociados/Materia recoñecida/Carácter
Debuxo Artístico e Cor	10/Debuxo Artístico/FB
Volume	8/Volume/FB
Xeometría Descritiva	6/Sistemas de Representación/FB
Taller de Tecnoloxía Dixital	6/Tecnoloxía Dixital/FB
Proxectos Básicos	4/Fundamentos do Deseño/FB
	6/Patronaxe Básico/OE
Teoría da Imaxe	8/Deseño Básico/FB
Historia da Arte	6/Historia das Artes e o Deseño/FB
Fundamentos Científicos do Deseño	6/Ciencia Aplicada ao Deseño/FB
Total créditos ECTS	60

2º curso dos estudos superiores de Deseño de moda, cursado segundo o Decreto 233/2005, do 14 de xullo	2º curso das ensinanzas superiores de Deseño de moda, cursado segundo o plan de estudos establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro
Materia superada	Créditos ECTS asociados/Materia recoñecida/Carácter
Deseño de Moda I	8/Deseño de Moda I/OE
	6/Deseño Gráfico Aplicado á Moda/OE



2º curso dos estudos superiores de Deseño de moda, cursado segundo o Decreto 233/2005, do 14 de xullo	2º curso das ensinanzas superiores de Deseño de moda, cursado segundo o plan de estudos establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro
Materia superada	Créditos ECTS asociados/Materia recoñecida/Carácter
Tecnoloxía da Confección I	4/Técnicas Creativas/OE
Modelismo e Prototipos	12/Modelismo e Prototipos/OE
Taller de Tecnoloxía Dixital Aplicada ao Deseño de Moda	
Tecnoloxía Téxtil I	4/Tecnoloxía Téxtil I/OE
Materiais Téxtiles	6/Materiais Téxtiles I/OE
Patronaxe	6/Patronaxe I/OE
	4/Estruturas/OE
Historia e Teoría do Deseño	6/Historia da Moda/OE
Historia e Teoría do Deseño de Moda	
Ciencias Sociais Aplicadas ao Deseño de Moda	4/Mercadotecnia da Moda/OE
Total créditos ECTS	60

3º curso dos estudos superiores de Deseño de moda, cursado segundo o Decreto 233/2005, do 14 de xullo	3º curso das ensinanzas superiores de Deseño de moda, cursado segundo o plan de estudos establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro
Materia superada	Créditos ECTS asociados/Materia recoñecida/Carácter
Tecnoloxía Téxtil II	4/Tecnoloxía Téxtil II/OE
Tecnoloxía da Confección II	6/Materiais Téxtiles II/OE
Moda e Fotografía	6/Fotografía e Moda/OE
Mercadotecnia e Xestión da Calidade	6/Cultura do Deseño/FB
Organización e Lexislación Aplicada ao Deseño de Moda	4/Organización e Lexislación/FB
Deseño de Moda II: Análise de Tendencias	8/Deseño de Moda II/OE
	6/Complementos e Estilismo/OE
Proxectos de Deseño de Moda	12/Proxectos de Deseño de Moda/OE
	8/Patronaxe II/OE
Total créditos ECTS	60

2º e 3º curso dos estudos superiores de Deseño de moda, cursados segundo o Decreto 233/2005, do 14 de xullo		4º curso das ensinanzas superiores de Deseño de moda, cursado segundo o plan de estudos establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro
Materia superada	Curso	Créditos ECTS asociados/Materia recoñecida/Carácter
Taller de Tecnoloxía Dixital Aplicada ao Deseño de Moda	2º	6/Patronaxe Cad/OP
OPativa I: Estilismo Escénico	3º	6/Estilismo escénico/OP
OPativa II: Audiovisuais e Moda	3º	6/Comunicación audiovisual/OP
OPativa III: Deseño Gráfico Aplicado á Moda	3º	6/Patronaxe Cad/OP
Total créditos ECTS		18



1º curso dos estudos superiores de Deseño de Produto, cursado segundo o Decreto 233/2005, do 14 de xullo	1º curso das ensinanzas superiores de Deseño de Produtos, cursado segundo o plan de estudos establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro
Materia superada	Créditos ECTS asociados/Materia recoñecida/Carácter
Debuxo Artístico e Cor	10/Debuxo Artístico/FB
Volume	8/Volume/FB
Taller de Tecnoloxía Dixital	6/Tecnoloxía Dixital/FB
Xeometría Descritiva	6/Sistemas de Representación/FB
	6/Debuxo Técnico Aplicado ao Deseño de Produto/OE
Teoría da Imaxe	4/Fundamentos do Deseño/FB
Proxectos Básicos	8/Deseño Básico/FB
Historia da Arte	6/Historia das Artes e o Deseño/FB
Fundamentos Científicos do Deseño	6/Ciencia Aplicada ao Deseño/FB
Total créditos ECTS	60

2º curso dos estudos superiores de Deseño de Produto, cursado segundo o Decreto 233/2005, do 14 de xullo	2º curso das ensinanzas superiores de Deseño de Produtos, cursado segundo o plan de estudos establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro
Materia superada	Créditos ECTS asociados/Materia recoñecida/Carácter
Historia e Teoría do Deseño	4/Historia do Deseño Industrial/OE
Materiais e Tecnoloxía	4/Materiais I/OE
Ergonomía e Antropometría	4/Ergonomía e Antropometría/OE
Ciencias Sociais Aplicadas ao Deseño de Produtos	
Taller de Tecnoloxía Dixital Aplicada ao Deseño de Produto	8/Tecnoloxía Dixital Aplicada/OE
Envases e Embalaxes I	6/Deseño Gráfico Aplicado aos Produtos/OE
Mercadotecnia	4/Mercadotecnia/OE
Modelos e Prototipos I	8/Modelos e Prototipos I/OE
Proxectos de Deseño de Produtos I	16/Proxectos de Deseño de Produto I/OE
Unha materia optativa	6/Unha materia optativa/OP
Total créditos ECTS	60

3º curso dos estudos superiores de Deseño de Produto, cursado segundo o Decreto 233/2005, do 14 de xullo	3º curso das ensinanzas superiores de Deseño de Produtos, cursado segundo o plan de estudos establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro
Materia superada	Créditos ECTS asociados/Materia recoñecida/Carácter
Historia e Teoría do Deseño Industrial	6/Cultura do Deseño/FB
Técnicas de Produción e Montaxe	4/Oficina técnica: Organización Industrial e Calidade/OE
Materiais e Tecnoloxía	4/Materiais II/OE
Envases e Embalaxes II	8/Envases e Embalaxes/OE
Organización e Lexislación do Deseño de Produtos	4/Organización e Lexislación/FB



3º curso dos estudos superiores de Deseño de Produto, cursado segundo o Decreto 233/2005, do 14 de xullo	3º curso das ensinanzas superiores de Deseño de Produtos, cursado segundo o plan de estudos establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro
Materia superada	Créditos ECTS asociados/Materia recoñecida/Carácter
Proxectos de Deseño de Produtos II	16/Proxectos de Deseño de Produtos II/OE
Modelos e Prototipos II	6/Unha materia optativa/OP
Unha materia optativa	6/Unha materia optativa/OP
Unha materia optativa	6/Unha materia optativa/OP
Total créditos ECTS	60

ANEXO III
Relación de disciplinas autorizadas de carácter optativo (OP) integradas no plan de estudos das especialidades dos estudos superiores de Deseño nas diferentes escolas de arte e superiores de Deseño da Comunidade Autónoma de Galicia

Especialidade dos estudos superiores de Deseño: Gráfico				
Nº	Disciplina de carácter optativo: (OP)	Créditos ECTS asociados	Curso	EASD na que se autoriza
1	Xestión da Cor	6	2º	EASD Antonio Faiñde
2	Maquetas e Prototipos	6	2º	EASD Antonio Faiñde
3	Deseño Editorial	6	3º	EASD Antonio Faiñde
4	Taller 3D e Interacción	6	3º	EASD Antonio Faiñde
5	Ilustración	6	3º	EASD Antonio Faiñde
6	Luz e Materia na Fotografía do Obxecto	6	3º	EASD Antonio Faiñde
7	Proxecto Experimental	6	4º	EASD Antonio Faiñde
8	Gráfica Corporativa	6	4º	EASD Antonio Faiñde
9	Tipografía II	6	4º	EASD Antonio Faiñde
10	Fotografía Publicitaria	6	4º	EASD Antonio Faiñde
11	Técnicas de Expresión Gráfica	6	2º	EASD Pablo Picasso
12	Narración Gráfica	6	2º	EASD Pablo Picasso
13	Edición Editorial	6	3º	EASD Pablo Picasso
14	Packaging	6	3º	EASD Pablo Picasso
15	A Fotografía do Obxecto	6	3º	EASD Pablo Picasso
16	Novos Comportamentos do Deseño Gráfico	6	3º	EASD Pablo Picasso
17	Taller de Modelos Tridimensionais	6	3º	EASD Pablo Picasso
18	Infografía	6	4º	EASD Pablo Picasso
19	Imaxe Global (<i>Branding</i>)	6	4º	EASD Pablo Picasso
20	Edición Avanzada de Web	6	4º	EASD Pablo Picasso
21	Deseño de Estampación	6	4º	EASD Pablo Picasso
22	Laboratorio da Cor	6	2º	EASD Ramón Falcón
23	Ilustración	6	2º	EASD Ramón Falcón
24	Deseño Editorial	6	3º	EASD Ramón Falcón



Especialidade dos estudos superiores de Deseño: Gráfico				
Nº	Disciplina de carácter optativo: (OP)	Créditos ECTS asociados	Curso	EASD na que se autoriza
25	Fotografía II	6	3º	EASD Ramón Falcón
26	Animación Dixital	6	3º	EASD Ramón Falcón
27	Técnicas de Expresión Gráfica	6	3º	EASD Ramón Falcón
28	Teoría da Imaxe	6	3º	EASD Ramón Falcón
29	Publicación Dixital	6	4º	EASD Ramón Falcón
30	Gráfica Aplicada aos Espazos	6	4º	EASD Ramón Falcón
31	Infografía	6	4º	EASD Ramón Falcón
32	Procesos e Innovación no Deseño Gráfico	6	4º	EASD Ramón Falcón

Especialidade dos estudos superiores de Deseño: Interiores				
Nº	Disciplina de carácter optativo: (OP)	Créditos ECTS asociados	Curso	EASD na que se autoriza
33	Deseño de Espazos e Arquitectura Efémera	6	2º	EASD Antonio Faílde
34	Maquetas e Prototipos	6	2º	EASD Antonio Faílde
35	Fotografía da Arquitectura	6	3º	EASD Antonio Faílde
36	Rehabilitación de Espazos e Sustentabilidade	6	3º	EASD Antonio Faílde
37	Deseño de Mobiliario	6	3º	EASD Antonio Faílde
38	Deseño de Contornas Exteriores e Espazos de Escala Urbana	6	4º	EASD Antonio Faílde
39	Aplicacións Dixitais á Presentación do Proxecto	6	4º	EASD Antonio Faílde
40	Deseño de Espazos Termais	6	4º	EASD Antonio Faílde
41	Dirección de Obras de Interiores	6	4º	EASD Antonio Faílde
42	Cor e Forma no Espazo Tridimensional	6	2º	EASD Pablo Picasso
43	Taller de Volume	6	2º	EASD Pablo Picasso
44	Deseño de Interior e Comunicación	6	3º	EASD Pablo Picasso
45	Xardinaria	6	3º	EASD Pablo Picasso
46	O Espazo Fotografado	6	3º	EASD Pablo Picasso
47	Taller de Tnstalacións	6	4º	EASD Pablo Picasso
48	Deseño do Moble	6	4º	EASD Pablo Picasso
49	Arquitectura Efémera	6	4º	EASD Pablo Picasso
50	Rehabilitación	6	4º	EASD Pablo Picasso
51	Laboratorio da Cor	6	2º	EASD Ramón Falcón
52	Técnicas de Expresión Gráfica	6	2º	EASD Ramón Falcón
53	Luminotecnia	6	3º	EASD Ramón Falcón
54	Deseño do Mobiliario	6	3º	EASD Ramón Falcón



Especialidade dos estudos superiores de Deseño: Interiores				
Nº	Disciplina de carácter optativo: (OP)	Créditos ECTS asociados	Curso	EASD na que se autoriza
55	Laboratorio de Construción Tradicional	6	3º	EASD Ramón Falcón
56	Escenografía	6	4º	EASD Ramón Falcón
57	Téxtiles	6	4º	EASD Ramón Falcón
58	Desenvolvemento de Produtos de Carpintaría e Moble	6	4º	EASD Ramón Falcón
59	Gráfica Aplicada aos Espazos	6	4º	EASD Ramón Falcón

Especialidade dos estudos superiores de Deseño: Moda				
Nº	Disciplina de carácter optativo: (OP)	Créditos ECTS asociados	Curso	EASD na que se autoriza
60	Estilismo Escénico	6	4º	EASD Mestre Mateo
61	Comunicación Audiovisual	6	4º	EASD Mestre Mateo
62	Patronaxe CAD	6	4º	EASD Mestre Mateo
63	Ilustración Creativa	6	4º	EASD Mestre Mateo
64	Deseño de Moda Infantil	6	4º	EASD Mestre Mateo
65	Comunicación Profesional	6	4º	EASD Mestre Mateo
66	Xéneros de Punto, Tecedura e Confección	6	4º	EASD Mestre Mateo

Especialidade dos estudos superiores de Deseño: Produto				
Nº	Disciplina de carácter optativo: (OP)	Créditos ECTS asociados	Curso	EASD na que se autoriza
67	Técnicas da Cor Aplicadas ao Deseño de Produto	6	2º	EASD Mestre Mateo
68	Debuxo Técnico II	6	2º	EASD Mestre Mateo
69	Design Lab.	6	3º	EASD Mestre Mateo
70	Estructuras e Cálculo para Deseñadores	6	3º	EASD Mestre Mateo
71	Biodeseño	6	3º	EASD Mestre Mateo
72	Inglés Técnico	6	3º	EASD Mestre Mateo
73	Proxecto Emprendedor	6	3º	EASD Mestre Mateo
74	Modelos e Prototipos II	6	3º	EASD Mestre Mateo
75	Equipamento de Espazos	6	4º	EASD Mestre Mateo
76	Deseño de Equipos e Interface	6	4º	EASD Mestre Mateo
77	Equipamento Persoal	6	4º	EASD Mestre Mateo
78	Estratexias e Sistemas	6	4º	EASD Mestre Mateo

